



# **OCUPACIÓN HOTELEIRA**

## **Análise nos destinos urbanos de Galicia**

**Maio 2019**

---

**CONCELLO DE A CORUÑA**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de A Coruña*

		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>41.290</b>	<b>164.157</b>
	Var. 19/18	17,6%	8,4%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>83.567</b>	<b>330.439</b>
	Var. 19/18	18,6%	8,4%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>2,02</b>	<b>2,01</b>
	Var. 19/18	0,8%	0,0%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>53,31%</b>	<b>43,07%</b>
	Var. 19/18	6,57	1,55
<b>ADR (€)</b>	%	<b>58,8 €</b>	<b>56,2 €</b>
	Var. 19/18	-3,2%	0,7%
<b>RevPAR (€)</b>	%	<b>40,4 €</b>	<b>31,3 €</b>
	Var. 19/18	6,7%	3,2%

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>31.631</b>	<b>131.521</b>
	Var. 19/18	17,2%	6,1%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>9.659</b>	<b>32.636</b>
	Var. 19/18	18,9%	18,9%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>63.841</b>	<b>259.733</b>
	Var. 19/18	20,7%	8,2%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>19.726</b>	<b>70.706</b>
	Var. 19/18	12,2%	9,1%

**MAIO 2019**

- No pasado mes de maio obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de A Coruña. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 17,6% e o volume de noites un 18,6% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este forte incremento contrasta coa caída rexistrada no pasado ano 2018 mais da continuidade á tendencia positiva dos dous anos anteriores. En calquera caso o comportamento da demanda hoteleira en A Coruña é algo irregular desde inicios desta década, deixando o nivel deste mes de maio en preto de 84 mil noites –a cifra máis elevada da serie histórica pois nunca antes a cidade herculina conseguira superar a barreira das 80 mil noites neste quinto mes do ano-.

- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é parella, alternando anos de forte crecemento con algún de caídas, o que permite rexistrar neste mes de maio máis de 41 mil noites.
- O 76% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 24% restante é de orixe internacional.
- Neste quinto mes do ano obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe de forma notable, un 20,7% en particular, como consecuencia esencialmente dun crecemento paralelo da cifra de viaxeiros españois –do 17,2% neste caso-.
- O mercado internacional presenta igualmente un comportamento positivo superando nun 18,9% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 12,2% o volume de noites de maio do pasado ano.
- A estadia media hoteleira incrementábase por segundo ano consecutivo –apenas un 1% neste mes situándose o valor en dúas noites –a groso modo a cifra apenas variou da rexistrada no pasado ano co cal fálase máis ben de estabilidade-.
- Incrementábase a demanda nun contexto de crecemento paralelo pero de menor intensidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 3,8%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –sobe en máis de seis puntos porcentuais para situarse no 53,3% de media para este mes de maio –a cifra máis elevada da serie histórica correspondente a este quinto mes-.
- As tarifas hoteleiras descenden neste quinto mes do ano –un 3,2% en particular- situándose en 58,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso dos prezos pero de menor intensidade o que provoca que melloren os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 6,7% situándose en 40,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.


*Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Mes de maio 2012-19*



**ACUMULADO A MAIO 2019**

- Nos primeiros cinco meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de A Coruña. En concreto, tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites increméntanse nun 8,4% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta esta suba coa caída rexistrada no pasado ano 2018 mais da continuidade á tendencia positiva dos dous anos anteriores –nos primeiros cinco meses de 2016 e 2017-. Con isto o nivel de demanda da cidade de A Coruña ascende a máis de 330 mil noites –a cifra máis elevada da serie histórica-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante acadando neste caso pouco máis de 164 mil neste período.
- O bo comportamento da demanda neste período vén como consecuencia dos incrementos rexistrados nos cinco meses considerados, con subas do 10% en xaneiro, do 4% en febreiro, do 0,5% en marzo –certa estabilidade-, do 7,3% en abril e do 18,6% agora en maio.
- O 79% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 21% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 8,2% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros españois, do 6,1% neste caso.
- O mercado internacional amosa tamén unha dinámica positiva superando nun 18,9% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 9,1% o volume de noites do mesmo período do pasado ano. Isto permite rexistrar un máximo histórico de demanda internacional neste período de cinco meses con preto de 71 mil noites.
- A estadía media hoteleira estabilízase neste período, manténdose en dúas noites.
- Increméntase a demanda nun contexto de crecemento paralelo aínda que de menor intensidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 4,2%-, circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación –sobe en 1,5 puntos porcentuais– para deixalo no 43,1%. É a porcentaxe máis elevada desde o ano 2007.
- As tarifas hoteleiras increméntanse levemente neste período de catro meses –un 0,7% en particular- situándose en 56,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de ocupación acontecida ademais nun contexto de suba dos prezos provoca que neste período de cinco meses melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 3,2% para situarse en 31,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Acum. Maio 2012-19*



---

**CONCELLO DE FERROL**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ferrol*

		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>4.123</b>	<b>18.100</b>
	Var. 19/18	-1,1%	-2,7%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>7.440</b>	<b>33.084</b>
	Var. 19/18	-21,2%	-15,1%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>1,80</b>	<b>1,83</b>
	Var. 19/18	-20,4%	-12,7%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>28,9%</b>	<b>27,14%</b>
	Var. 19/18	-7,77	-3,94

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>2.852</b>	<b>14.431</b>
	Var. 19/18	-4,9%	-5,0%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>1.271</b>	<b>3.669</b>
	Var. 19/18	8,9%	7,4%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>4.876</b>	<b>23.657</b>
	Var. 19/18	-20,5%	-13,9%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>2.564</b>	<b>9.426</b>
	Var. 19/18	-22,6%	-18,0%

**MAIO 2019**

- No pasado mes de maio obsérvase un comportamento negativo de demanda hoteleira na cidade de Ferrol. En concreto, descende o volume de noites un 21,2% como consecuencia esencialmente dun empeoramento da estadia media, que cae un 20%, nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados cae un 1,1%.
- Contrasta este descenso coa suba rexistrada en maio do pasado ano dando continuidade en todo caso a unha tendencia irregular da demanda nos últimos anos, nos que se alternan períodos de crecemento con anos de caídas. Esta dinámica coloca o nivel final deste quinto mes do ano en máis de sete mil noites, a segunda cifra máis baixa dos últimos cinco anos.
- O 65,5% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 34,5% restante é de orixe internacional. Ferrol é, logo de Compostela, o destino urbano con maior peso do mercado estranxeiro dentro da estrutura da demanda.


- Neste quinto mes do ano obsérvase un comportamento homoxéneo e negativo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 20,5% como consecuencia da combinación de dous factores: descenso da cifra de viaxeiros españois aloxados -do 4,9%- e da estadía media -do 16% neste caso-.
- O mercado internacional amosa igualmente un comportamento negativo cun descenso global do 22,6% que vén como consecuencia dun forte empeoramento da estadía media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros consegue mellorar nun 8,9% neste caso.
- Tal como se comentou anteriormente a estadía media hoteleira descende neste mes -un 20,4% en particular- situándose en 1,8 noites. A caída é importante e supón a perda de case cinco décimas na cifra final, pasado de preto de 2,3 noites no pasado ano a 1,8 noites agora en 2019.
- O descenso da demanda prodúcese nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible -o volume de prazas ofertadas mantense exactamente nos niveis do pasado ano-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación -cae en preto de oito puntos porcentuais para situarse no 28,9% de media para este mes de maio-.

*Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Mes de maio 2015-19*



**ACUMULADO A MAIO 2019**

- Nos primeiros cinco meses deste ano obsérvase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ferrol. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados descende un 2,7% e o volume de noites un 15,1% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Cae a demanda logo de rexistrar un incremento no pasado ano 2018 que á súa vez contraponse aos descenso de anos anteriores. Obsérvase, por tanto, un comportamento negativo da demanda neste período de cinco meses na cidade de Ferrol –só puntualmente amortiguada polo incremento rexistrado en 2018-, circunstancia que coloca o nivel deste 2019 en 33 mil noites –a segunda máis baixa dos últimos cinco anos-.
- No curto prazo obsérvase un comportamento negativo da demanda nos cinco meses do ano, con caídas de diversa intensidade que superan o 20% interanual en marzo e maio. A dinámica é, por tanto, moi regular neste 2019.
- O 71,5% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 28,5% restante é de orixe internacional.
- No acumulado a maio deste ano obsérvase un comportamento homoxéneo e negativo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 13,9% como consecuencia esencialmente dun descenso paralelo da cifra de viaxeiros españois, do 5,0% neste caso.
- O mercado internacional amosa tamén un comportamento negativo cun descenso do 18,0% como consecuencia neste caso dunha caída da estadia media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros incrementase nun 7,4% en relación aos primeiros cinco meses do pasado ano.
- A estadia media hoteleira descende neste período –un 12,7% en particular- situándose en pouco máis de 1,8 noites –a segunda cifra máis baixa dos últimos anos-.
- O descenso da demanda prodúcese nun contexto de certa caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 2,6% neste caso-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación de case catro puntos porcentuais –para situala no 27,1% de media neste período de cinco meses-.

*Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Acum. Maio 2015-19*



---

**CONCELLO DE LUGO**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Lugo*

		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIROS</b>	<b>Nº</b>	<b>12.318</b>	<b>52.401</b>
	Var. 19/18	-13,5%	-5,5%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	<b>Nº</b>	<b>24.678</b>	<b>104.334</b>
	Var. 19/18	-0,7%	-2,0%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	<b>Nº</b>	<b>2,00</b>	<b>1,99</b>
	Var. 19/18	14,7%	3,7%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	<b>%</b>	<b>48,11%</b>	<b>43,36%</b>
	Var. 19/18	-1,27	-0,92
<b>ADR (€)</b>	<b>%</b>	<b>44,2 €</b>	<b>45,3 €</b>
	Var. 19/18	7,1%	7,7%
<b>RevPAR (€)</b>	<b>%</b>	<b>26,2 €</b>	<b>23,0 €</b>
	Var. 19/18	17,9%	8,8%

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	<b>Nº</b>	<b>9.280</b>	<b>44.605</b>
	Var. 19/18	-17,9%	-9,5%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	<b>Nº</b>	<b>3.038</b>	<b>7.796</b>
	Var. 19/18	3,8%	27,2%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	<b>Nº</b>	<b>19.507</b>	<b>87.841</b>
	Var. 19/18	-6,2%	-8,8%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	<b>Nº</b>	<b>5.171</b>	<b>16.493</b>
	Var. 19/18	26,8%	62,6%

**MAIO 2019**

- No pasado mes de maio obsérvase un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Lugo. En particular, o volume de noites descende levemente, un 0,7%, como consecuencia da combinación de dous factores: notable caída da cifra de viaxeiros aloxados, do 13,5%, nun contexto de mellora da estadía media, do 14,7% neste caso.
- É o segundo ano consecutivo no que se rexistra unha caída da demanda hoteleira en Lugo no mes de maio, en proporcións semellantes –en 2018 o descenso fora do 0,8%-. En liñas xerais a tendencia marca certa estabilidade da demanda neste quinto mes do ano, pois desde o 2016 mantense no contorno das 25 mil noites.

- O 79% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 21% restante é de orixe internacional.
- Neste quinto mes do ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 6,2% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros españois aloxados, do 17,9%, nun contexto no que mellora a estadia media e amortigua a caída anterior.
- O mercado internacional amosa, en cambio, un comportamento positivo, superando nun 27% o nivel de demanda do pasado ano como consecuencia da combinación de dous factores: leve incremento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 3,8%, e notable mellora da estadia media.
- A estadia media global increméntase neste mes –un 14,7% en particular- situándose en dúas noites de media –a cifra máis elevada da década-.
- O leve descenso da demanda prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 2,1%-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación -descende en algo máis dun punto porcentual para situarse no 48,1% de media para este mes de maio, a terceira cifra máis elevada da década-.
- As tarifas hoteleiras increméntanse neste mes –un 7,1% en particular-, para situarse en 44,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Tal circunstancia provoca en esencia que neste mes de maio melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira –a pesar dos datos negativos de ocupación-. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 17,9% para situarse en 26,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.


*Noites hoteleiras no concello de Lugo. Mes de maio 2012-19*



**ACUMULADO A MAIO 2019**

- Nos primeiros cinco meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Lugo. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados cae un 5,5% e o volume de noites un 2,0% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Con este descenso rómpese dalgunha maneira a tendencia positiva que a cidade de Lugo viña rexistrando nos últimos catro anos, con subas de diversa intensidade que elevaron a máis de 106 mil noites a cifra de maio de 2018. A caída deste ano sitúa o volume final en algo máis de 104 mil noites, a segunda cifra máis elevada da década.
- O mal comportamento da demanda vén como consecuencia das caídas rexistradas en xaneiro –do 0,6%-, en marzo –do 11,0%- e agora en maio –do 0,7%-. En febreiro e abril os establecementos hoteleiros de Lugo conseguiron resultados positivos cunha suba do 3,6% e 0,7% respectivamente.
- O 84% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 16% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 8,8% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros españois, do 9,5% neste caso.
- O mercado internacional amosa, en cambio, un incremento moi notable, superando nun 63% os niveis do pasado ano como consecuencia da combinación de dous factores: notable crecemento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 27, e mellora da estadía media, do 28%.
- A estadía media hoteleira global increméntase neste período en relación ao pasado ano –un 3,7%- quedando en dúas noites de media.
- Descende a demanda nun contexto de certa estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe menos do 0,5%-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación –cae en case un punto porcentual para situarse no 43,4% de media para este período de cinco meses –a segunda cifra máis elevada da década-.
- As tarifas hoteleiras soben neste período de cinco meses –un 7,7% en particular-, situándose en 45,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Tal circunstancia provoca en esencia que neste período melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira –un 8,8% en particular-, a pesar dos resultados negativos en termos de demanda e ocupación. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sitúase en 23,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de Lugo. Acum. Maio 2012-19*



---

**CONCELLO DE OURENSE**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ourense*

		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIRO</b>	Nº	<b>12.232</b>	<b>55.181</b>
	Var. 19/18	6,1%	12,0%
<b>PERNOCTACIÓN</b>	Nº	<b>20.243</b>	<b>88.027</b>
	Var. 19/18	12,7%	13,9%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>1,65</b>	<b>1,60</b>
	Var. 19/18	6,3%	1,7%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>49,65%</b>	<b>45,90%</b>
	Var. 19/18	4,31	5,91
<b>ADR (€)</b>	%	<b>54,8 €</b>	<b>53,4 €</b>
	Var. 19/18	-3,8%	-5,5%
<b>RevPAR (€)</b>	%	<b>32,5 €</b>	<b>28,8 €</b>
	Var. 19/18	6,2%	11,2%

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIRO NACIONAL</b>	Nº	<b>9.887</b>	<b>47.636</b>
	Var. 19/18	3,3%	10,6%
<b>VIAXEIRO ESTRANXERO</b>	Nº	<b>2.345</b>	<b>7.545</b>
	Var. 19/18	19,6%	21,5%
<b>PERNOCT. NACIONAL</b>	Nº	<b>16.616</b>	<b>76.032</b>
	Var. 19/18	12,2%	14,2%
<b>PERNOCT. ESTRANXERO</b>	Nº	<b>3.627</b>	<b>11.995</b>
	Var. 19/18	15,3%	12,0%

**MAIO 2019**

- No pasado mes de maio obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Ourense. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 6,1% e o volume de noites un 12,7% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- É o segundo ano consecutivo –e cuarto nos últimos cinco- no que se incrementa a demanda hoteleira en Ourense neste quinto mes –no pasado 2018 a suba fora do 8,2%-, colocando desta maneira o nivel final deste mes de maio en algo máis de 20 mil noites –a cifra máis elevada da década-. Son máis de dúas mil novas pernoctacións en comparación co dato de maio do pasado ano.


- O 82% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 18% restante é de orixe internacional.
- Neste quinto mes do ano obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 12,2% como consecuencia dun crecemento parello da cifra de viaxeiros españois, do 3,3%, e dunha mellora da estadía media.
- O mercado internacional presenta tamén un comportamento positivo cun crecemento global do 15,3% auspiciado por unha suba parella da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 19,6%-.
- A estadía media hoteleira global increméntase neste mes –un 6,3%- quedando en máis de 1,6 noites. Este crecemento rompe cunha tendencia de caídas consecutivas nos tres anos anteriores, de 2016 a 2018, conseguindo recuperar xustamente o perdido neste período. A cifra de maio deste ano equivale á de 2016.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de leve mellora da oferta dispoñible, de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 2,3%-, circunstancia que implica unha mellora do nivel de ocupación –de máis de catro puntos porcentuais- para situalo no 49,6% neste quinto mes do ano.
- As tarifas hoteleiras descenden neste quinto mes do ano –un 3,8% en particular- situándose en 54,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O incremento dos niveis de demanda e ocupación levan neste mes, a pesar do descenso das tarifas hoteleiras, a unha mellora dos niveis de rendibilidade. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 6,2% situándose en 32,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de Ourense. Mes de maio 2012-19*



**ACUMULADO A MAIO 2019**

- Nos primeiros cinco meses deste ano 2019 obsérvase un incremento dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 12,0% e o volume de noites un 13,9% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- É o segundo ano consecutivo, e cuarto nos últimos cinco, no que se observa unha mellora dos niveis de demanda hoteleira en Ourense no acumulado a maio –no pasado ano 2018 a suba fora do 0,9%-, situando o nivel deste 2019 levemente por encima das 88 mil noites –a cifra máis elevada da década-. Son preto de 11 mil novas pernотacións en comparación co pasado ano.
- Este comportamento positivo vén como consecuencia de acumular catro meses consecutivos de crecemento da demanda en Ourense, con subas do 19% en febreiro, do 11% en marzo, do 25% en abril e do 13% agora en maio. Só en xaneiro obsérvase unha caída moi suave neste caso, do 1,7% no volume de noites.
- O 86% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 14% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 14,2% como consecuencia esencialmente dun crecemento da cifra de viaxeiros españois, do 10,6% neste caso.
- O mercado internacional amosa igualmente unha suba do número de noites neste período –do 12,0% en concreto- provocada por un incremento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 21,5% neste caso.
- A estada media hoteleira incrementábase levemente neste período –un 1,7% en particular- para situarse novamente en 1,6 noites. En sentido estrito a estada media en Ourense apenas variou nos últimos catro anos, manténdose sempre no contorno de 1,6 noites.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de leve descenso da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas cae un 1,1%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –de case seis puntos porcentuais- para situalo no 45,9% neste período de cinco meses.
- As tarifas hoteleiras descenden no acumulado a maio –un 5,5% en particular- situándose en 53,4 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O incremento dos niveis de demanda e ocupación leva a que neste período de cinco meses melloren os niveis de rendibilidade hoteleira –a pesar da caída dos prezos-. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 11,2% para situarse en 28,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de Ourense. Acum. Maio 2012-19*



## CONCELLO DE PONTEVEDRA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Pontevedra

		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>13.615</b>	<b>39.080</b>
	Var. 19/18	-3,0%	-3,3%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>26.025</b>	<b>87.662</b>
	Var. 19/18	13,3%	12,9%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>1,91</b>	<b>2,24</b>
	Var. 19/18	16,8%	16,8%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>63,81%</b>	<b>44,26%</b>
	Var. 19/18	4,13	2,39

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>6.746</b>	<b>24.078</b>
	Var. 19/18	9,9%	-0,5%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>6.869</b>	<b>15.003</b>
	Var. 19/18	-13,0%	-7,6%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>14.704</b>	<b>57.028</b>
	Var. 19/18	19,8%	9,2%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>11.322</b>	<b>30.635</b>
	Var. 19/18	5,9%	20,6%

### MAIO 2019

- No pasado mes de maio obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. En concreto, increméntase o volume de noites un 13,3% como consecuencia basicamente dunha notable mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados cae un 3,0% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- É o terceiro ano consecutivo no que se rexistra un crecemento da demanda hoteleira no mes de maio, cunha suba moi notable en 2017 –do 56%- e algo máis suave en 2018 –do 7,7%- . Esta tendencia coloca o nivel final de maio deste ano en máis de 26 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos –dobra as cifras rexistradas en maio de 2013-.
- O 56,5% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 43,5% restante é de orixe internacional.


- Neste quinto mes do ano obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 19,8% como consecuencia da combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros españois, do 9,9%, e mellora da estadia media.
- O mercado internacional amosa igualmente un comportamento positivo superando nun 5,9% o nivel de demanda do pasado ano como consecuencia dunha notable mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros cae nun 13,0%.
- A estadia media hoteleira global increméntase notablemente neste mes –un 17% en particular- situándose en 1,9 noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos-. Supera en case tres décimas a cifra de maio do pasado ano.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 5,9%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación -sobe en pouco máis de catro puntos porcentuais para situarse no 63,8% de media para este mes de maio-. É a segunda porcentaxe máis elevada dos destinos urbanos de Galicia, só superada levemente polo nivel acadado en Compostela.

*Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Mes de maio 2015-19*



**ACUMULADO A MAIO 2019**

- Nos primeiros cinco meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. En concreto, o volume de noites increméntase nun 12,9% en relación ao mesmo período do pasado ano como consecuencia dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados descende un 3,3%.
- Son catro anos consecutivos de crecemento da demanda –medida en número de noites- no conxunto dos primeiros cinco meses do ano, circunstancia que eleva a cifra de 2019 a preto de 88 mil noites –o dato máis elevado de cando menos os últimos cinco anos-. Nos primeiros cinco meses de 2015 o nivel situábase en pouco máis de 48 mil noites.
- No curto prazo obsérvase un comportamento positivo xeneralizado, con incrementos da demanda en practicamente todos os meses do ano –coa excepción de xaneiro, mes no que o volume de noites se mantén estable en termos interanuais-. O crecemento de maior intensidade prodúcese en abril, cunha suba do 24%.
- En termos absolutos o crecemento deste ano, ata o mes de maio, supón a xeración de dez mil novas pernoctacións en relación ao mesmo período de 2018.
- O 65% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 35% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado, con subas parellas aínda que de diversa intensidade. O turismo nacional increméntase nun 9,2% como consecuencia dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros españois mantense estable a grandes trazos –en sentido estrito descende un 0,5%-.
- Similar comportamento se observa no caso do mercado internacional se ben o incremento é de maior intensidade –supera nun 20,6% o nivel dos primeiros cinco meses de 2018- e ademais vén motivado por unha forte mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros cae un 7,6%-. Con isto o volume final de turismo internacional en Pontevedra achégase ás 30 mil noites –a cifra máis elevada de cando menos os últimos cinco anos-.
- A estadía media hoteleira increméntase neste período de cinco meses –un 16,8% en particular- para situarse en pouco máis de 2,2 noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos-. Supera en tres décimas o valor do pasado ano cando ficaba en 1,9 noites. É tamén a cifra máis alta dos destinos urbanos da comunidade.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 7,0%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –sobe en máis de dous puntos porcentuais para situarse no 44,3% de media para este período de cinco meses-.

*Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Acum. Maio 2015-19*

**CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**
*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Compostela*

		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>89.628</b>	<b>255.344</b>
	Var. 19/18	13,3%	9,9%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>157.815</b>	<b>477.178</b>
	Var. 19/18	14,5%	12,9%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>1,76</b>	<b>1,87</b>
	Var. 19/18	1,1%	2,8%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>65,40%</b>	<b>44,24%</b>
	Var. 19/18	7,14	4,82
<b>ADR (€)</b>	%	<b>73,1 €</b>	<b>63,3 €</b>
	Var. 19/18	4,2%	1,5%
<b>RevPAR (€)</b>	%	<b>54,9 €</b>	<b>32,2 €</b>
	Var. 19/18	18,7%	15,5%

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*

		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>37.510</b>	<b>141.661</b>
	Var. 19/18	23,2%	11,5%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>52.118</b>	<b>113.683</b>
	Var. 19/18	7,0%	7,9%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>68.643</b>	<b>279.164</b>
	Var. 19/18	25,8%	15,1%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>89.172</b>	<b>198.014</b>
	Var. 19/18	7,1%	10,1%


**MAIO 2019**

- No pasado mes de maio obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Santiago de Compostela. En concreto, increméntase a cifra de viaxeiros aloxados –un 13,3%- así como o volume de noites –un 14,5% neste caso- en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta este resultado positivo coa caída rexistrada no mes de maio do pasado ano 2018, do 8,1%, mais da continuidade á tendencia positiva que se viña observando desde o 2012. Son, por tanto, sete anos case consecutivos de crecemento da demanda hoteleira neste quinto mes do ano

que sitúan o nivel final de 2019 preto de 158 mil noites –o dato máis elevado da serie histórica para a cidade de Compostela-.


- En termos absolutos os establecementos hoteleiros de Compostela conseguiron xerar 20 mil novas pernoctacións en comparación co dato do pasado ano.
- O 43,5% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 56,5% restante é de orixe internacional. Estas porcentaxes difiren notablemente do observado nos dous primeiros meses do ano cando o mercado nacional representaba case o 80% do total da demanda hoteleira e supón que por vez primeira neste ano o volume e peso do mercado estranxeiro supere ao de ámbito estatal. Tal circunstancia é, por outro lado, habitual no mes de maio desde o 2012.
- Neste quinto mes do ano obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado, con diferenzas de intensidade. O turismo nacional sobe un 25,8% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros españois, do 23,2% neste caso.
- O mercado internacional presenta tamén un comportamento positivo superando nun 7,0% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 7,1% o volume de noites de maio de 2018.
- A estadia media hoteleira increméntase por terceiro ano consecutivo –un 1,1% neste quinto mes de 2019-, situándose preto de 1,8 noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos-.
- Increméntase a demanda nun contexto de leve mellora da oferta dispoñible aínda que de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 2,1%-, circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación –crece en máis de sete puntos porcentuais para situarse no 65,4% de media para este mes de maio, a cifra máis elevada da serie histórica-.
- As tarifas hoteleiras soben neste mes de maio –un 4,2% en particular- situándose en 73,1 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Este incremento, asociado á suba dos niveis de demanda e ocupación, provoca que melloren paralelamente os niveis de rendibilidade hoteleira en Santiago. Neste sentido o RevPAR hoteleiro increméntase nun 18,7% situándose en 54,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de Santiago de Compostela. Mes de maio 2012-19*



**ACUMULADO A MAIO 2019**

- Nos primeiros cinco meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Santiago de Compostela. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 9,9% e o volume de noites un 12,9% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta este incremento coa caída experimentada no pasado ano –do 1,1%- mais da continuidade á tendencia positiva observada nos tres anteriores. Son, por tanto, catro anos case consecutivos de crecemento da demanda hoteleira en Compostela neste período de cinco meses, circunstancia que coloca os niveis deste ano levemente por encima das 477 mil noites –dato que supón un máximo histórico na cidade-.
- Son preto de 55 mil novas pernoctacións en comparación co rexistrado nos primeiros cinco meses de 2018.
- O 58,5% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 41,5% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 15,1% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros españois, do 11,5% neste caso.
- O mercado internacional amosa tamén un comportamento positivo superando nun 7,9% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 10,1% o volume de noites dos primeiros cinco meses de 2018. Con isto o turismo estranxeiro marca un máximo histórico de demanda na cidade de Compostela no conxunto dos primeiros cinco meses do ano con 198 mil noites.
- A estadía media hoteleira increméntase por terceiro ano consecutivo –un 2,8% neste 2019-, situándose preto de 1,9 noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos aínda que próxima á rexistrada en 2014-.
- Increméntase a demanda nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas subiu apenas un 0,4%- circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación -sobe en preto de cinco puntos porcentuais para situarse no 44,2% de media para este período, a cifra máis elevada da serie histórica-.
- As tarifas hoteleiras increméntanse levemente neste período de cinco meses situándose en 63,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de certa mellora dos prezos. Tal circunstancia leva a que neste período melloren en paralelo os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 15,5% para situarse en 32,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de Santiago de Compostela. Acum. Maio 2012-19*



---

**CONCELLO DE VIGO**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Vigo*

		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>34.838</b>	<b>143.469</b>
	Var. 19/18	-1,2%	-0,4%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>74.584</b>	<b>316.708</b>
	Var. 19/18	15,2%	14,2%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>2,14</b>	<b>2,21</b>
	Var. 19/18	16,6%	14,6%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>51,54%</b>	<b>45,28%</b>
	Var. 19/18	6,58	6,28
<b>ADR (€)</b>	%	<b>57,2 €</b>	<b>54,8 €</b>
	Var. 19/18	6,2%	2,8%
<b>RevPAR (€)</b>	%	<b>37,0 €</b>	<b>30,2 €</b>
	Var. 19/18	21,6%	11,0%

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


		Maio 2019	Acum. Maio 2019
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>23.085</b>	<b>104.791</b>
	Var. 19/18	2,5%	0,5%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>11.753</b>	<b>38.678</b>
	Var. 19/18	-7,7%	-2,6%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>52.657</b>	<b>238.054</b>
	Var. 19/18	25,6%	18,6%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>21.927</b>	<b>78.654</b>
	Var. 19/18	-3,9%	2,6%

**MAIO 2019**

- No pasado mes de maio obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Vigo. En concreto, increméntase o volume de noites nun 15,2% como consecuencia dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados descende un 1,2% en relación ao pasado ano.
- É o cuarto ano consecutivo no que se rexistra un crecemento da demanda hoteleira en Vigo no mes de maio, con subas importantes que se achegaron ao 30% interanual en 2017 –só en 2018 o incremento foi máis moderado, de apenas o 1%-. Esta dinámica coloca o nivel final deste ano en preto de 75 mil noites –o dato máis elevado da serie histórico no concello de Vigo neste quinto mes-.

- O 71% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 29% restante é de orixe internacional.
- Neste quinto mes do ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe de forma importante, un 25,6% en número de noites, como consecuencia da mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois apenas sobe un 2,5%. Con preto de 53 mil noites o mercado nacional acada máximo histórico de demanda no mes de maio.
- O mercado internacional presenta en cambio un comportamento negativo. A cifra de viaxeiros estranxeiros cae un 7,7% e o volume de noites un 3,9% en relación ao pasado ano. Con preto de 22 mil noites o turismo estranxeiro marca neste mes de maio a segunda cifra máis elevada da serie histórica.
- A estadia media hoteleira increméntase de forma importante neste mes –un 16,6% en particular- para situarse por segunda vez nesta década por encima de 2,1 noites –en particular, a estadia media sitúase en 2,14 noites, a cifra máis elevada dos últimos oito anos-.
- Increméntase a demanda nun contexto de axuste da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas mantense estable neste mes-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación -sobe en case sete puntos porcentuais para situarse no 51,5% de media para este mes de maio, a cifra máis elevada da serie histórica-. Nunca antes a cifra de ocupación do mes de maio se situara por encima do 50% de media.
- As tarifas hoteleiras soben neste quinto mes do ano –un 6,2% en particular-, situándose en 57,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación acontecida ademais nun contexto de incremento dos prezos provoca que neste mes de maio melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe de forma notable, un 21,6%, situándose en 37,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de Vigo. Mes de maio 2012-19*



**ACUMULADO A MAIO 2019**

- Nos primeiros cinco meses deste ano 2019 obsérvase un crecemento dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Vigo. En concreto, o volume de noites sobe un 14,2% como consecuencia da mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable, en cifras semellantes ás do pasado ano –nun sentido estrito descende un 0,4%–.
- É o sexto ano consecutivo no que se rexistra unha mellora dos niveis de demanda hoteleira en Vigo nos primeiros cinco meses do ano. Esta dinámica coloca a cifra deste 2019 en preto de 317 mil noites, dato que supón un máximo histórico na cidade –nunca antes a cidade de Vigo conseguira superar a barreira das 300 mil noites neste período de cinco meses–.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é diferente, rompéndose neste 2019 a tendencia positiva dos catro anos anteriores mais deixando a cifra final en máis de 143 mil viaxeiros.
- O 75% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas– mentres que o 25% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 18,6% como consecuencia da mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois mantense estable nos niveis do pasado ano.
- O mercado internacional presenta tamén un comportamento positivo neste período, superando nun 2,6% o volume de noites de 2018 grazas tamén á mellora da estadia media nun contexto no que a cifra de viaxeiros estranxeiros cae na mesma proporción, un 2,6%.
- A estadia media hoteleira sobe de forma notable neste período de cinco meses –un 14,6% en particular– para situarse por vez primeira na serie histórica de maio por encima de 2,2 noites de media.
- Incrementase a demanda nun contexto de caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 1,7%–. Ambas circunstancias permiten mellorar o nivel de ocupación –sobe en algo máis de seis puntos porcentuais para situarse no 45,3% de media para este período, dato que supón tamén un máximo histórico para a cidade–.
- As tarifas hoteleiras soben neste período de cinco meses –un 2,8% en particular–, situándose en 54,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de ocupación acontecida ademais nun contexto de incremento dos prezos provoca que neste período melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 11,0% situándose en 30,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de Vigo. Acum. Maio 2012-19*